

## Resumo

A pilotaxe dos exames de acreditación considérase unha fase imprescindible na elaboración de exames de calidade, xa que nos permite obter evidencias obxectivas do funcionamento do exame. De feito, cada vez, é máis habitual que se organicen pilotaxes nos centros de linguas das universidades. Por iso, neste obradoiro, daremos as claves e bos hábitos a seguir para levar a cabo unha pilotaxe da que obteñamos a maior información posible dos exames pertinentes.

O curso será impartido desde dous puntos de vista necesarios e complementarios, a avaliación e a psicometría. Exemplificaremos o proceso da pilotaxe dun modo próximo e intelixible para que poidades aplicar os coñecementos no voso día a día.

O curso dividirase en tres etapas presentes en todo pilotaxe: a preparación da pilotaxe, a recollida de datos e a análise dos datos. O curso presentará as diferentes tipoloxías e deseños que poder aplicar, como organizarse eficientemente, xestión e hábitos recomendados, así como posibles riscos existentes e como previlos.

A idea do curso será crear discusión e coñecemento entre expertos do tema para poder aproveitar ao máximo a duración do curso.